

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

1193 *Real decreto 45/2021, do 26 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Fundación Pluralismo y Convivencia, F.S.P.*

O Consello de Ministros, na súa reunión do 15 de outubro de 2004, autorizou o Ministerio de Xustiza para a constitución da Fundación Pluralismo y Convivencia, con obxecto de contribuír á promoción da liberdade relixiosa en España, nos termos que a Constitución española e as leis establecen para ese dereito fundamental.

O Real decreto 2/2020, do 12 de xaneiro, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais, atribuíu no seu artigo 12 ao Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática a proposta e execución da política do Goberno en relación co exercicio do dereito á liberdade relixiosa. Consecuentemente, o artigo 1.6 do Real decreto 373/2020, do 18 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, adscribe ao dito ministerio a Fundación Pluralismo y Convivencia, F.S.P., a través da Subsecretaría. Este cambio na adscrición orgánica da Fundación constitúe unha ocasión adecuada para adaptar plenamente o contido dos seus estatutos á vixente normativa reguladora das fundacións do sector público estatal, conforme o procedemento establecido no artigo 133.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público: «Os estatutos das fundacións do sector público estatal aprobaranse mediante real decreto do Consello de Ministros, por proposta conxunta do titular do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e do ministerio que exerza o protectorado, que estará determinado nos seus estatutos».

A norma proxectada adecúase aos principios de boa regulación –necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia– conforme os cales deben actuar as administracións públicas no exercicio da iniciativa lexislativa e a potestade regulamentaria, segundo establece o artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A norma proxectada é eficaz e proporcionada no cumprimento dos obxectivos sinalados, sen afectar en forma ningunha os dereitos e deberes da cidadanía.

Tamén contribúe a dotar de maior seguridade xurídica a regulación estatutaria, ao adaptar o seu contido ás previsións da Lei 40/2015, do 1 de outubro, relativas ás fundacións do sector público estatal. Así mesmo, adáptase a composición dos órganos de Goberno da Fundación á actual estrutura da Administración xeral do Estado.

A norma proxectada cumpre co principio de transparencia, xa que identifica claramente o seu propósito, e a memoria, accesible á cidadanía, ofrece unha explicación completa do seu contido. Dado que se trata dunha norma puramente organizativa, a súa tramitación encóntrase exenta da consulta pública previa e dos trámites de audiencia e información públicas.

Finalmente, a norma proxectada é tamén adecuada ao principio de eficiencia, xa que non impón novas cargas administrativas nin xera incremento no gasto público.

A proposta de novos estatutos foi aprobada, na súa reunión do 2 de xullo de 2020, polo Padroado da Fundación Pluralismo y Convivencia, no cal se encontran representadas as confesións relixiosas non católicas beneficiarias das actividades fundacionais.

O presente real decreto dítase en exercicio da potestade de autoorganización que corresponde ao Goberno do Estado, sen afectar as competencias das comunidades autónomas, e responde á finalidade de actualizar o marco xurídico estatutario da Fundación Pluralismo e Convivencia, F.S.P., dando así cumprimento ás disposicións contidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, das ministras de Facenda e de Política Territorial e Función Pública, e do ministro de Cultura e Deporte, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de xaneiro de 2021,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación dos estatutos.*

Apróbanse os estatutos da Fundación Pluralismo y Convivencia, F.S.P., cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional única. *Non incremento de gasto público.*

O disposto neste real decreto non suporá incremento do gasto público. A creación e funcionamento dos órganos colexiados previstos nel serán atendidos cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados á Subsecretaría da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de xaneiro de 2021.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,
CARMEN CALVO POYATO

ESTATUTOS DA FUNDACIÓN PLURALISMO Y CONVIVENCIA, F.S.P.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Denominación e natureza.*

1. Coa denominación de «Fundación Pluralismo y Convivencia, F.S.P.» constitúese unha organización de natureza fundacional e sen fin de lucro, cuxo patrimonio se encontra afectado á promoción das condicións necesarias para o exercicio efectivo do dereito da liberdade relixiosa en España, nos termos que a Constitución e as leis establecen para este dereito fundamental.

2. A Fundación ten carácter de fundación do sector público estatal e queda adscrita á Administración xeral do Estado, a través do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática.

Artigo 2. *Réxime xurídico.*

A Fundación rexerese polo establecido nos presentes estatutos, polo previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, polo regulamento de fundacións de competencia estatal, aprobado polo Real decreto 1337/2005, do 11 de novembro, e polo resto de normas que lle sexan de aplicación.

Artigo 3. *Personalidade e capacidade.*

A Fundación, constituída e inscrita no Rexistro de Fundacións, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, sen outras limitacións que as establecidas polas leis e por estes estatutos, e pode realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento dos seus fins.

Artigo 4. *Protectorado.*

A Fundación sométese ao protectorado do Ministerio de Cultura e Deporte, ou do departamento que no futuro exerza o protectorado das fundacións do sector público estatal.

Artigo 5. *Domicilio.*

A Fundación fixa o seu domicilio en Madrid, rúa Fernández de los Ríos, 2, planta primeira (código postal 28015). A Fundación poderá, se procede, abrir delegacións en lugares distintos do anterior e, para isto, dará conta ao protectorado.

Artigo 6. *Ámbito de actuación e duración.*

1. O ámbito de actuación da Fundación esténdese a todo o territorio español.
2. A duración da Fundación será indefinida, sen prexuízo do prescrito no capítulo VI destes estatutos.

CAPÍTULO II

Fins da Fundación

Artigo 7. *Fins.*

1. Son fins da Fundación contribuír á execución de programas e proxectos de carácter cultural, educativo, social, e de promoción das condicións necesarias para o

exercicio efectivo do dereito de liberdade relixiosa nos termos previstos no artigo 1 destes estatutos, por parte das confesións non católicas con acordo de cooperación co Estado español ou con notorio arraigo en España, así como a execución e promoción de actividades relacionadas coa investigación, a sensibilización e o asesoramento na xestión da diversidade relixiosa.

2. O Padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da Fundación, tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que, a xuízo daquel e dentro do cumprimento dos fins sinalados, sexan os máis adecuados e convenientes en cada momento.

CAPÍTULO III

Regras básicas para a determinación dos beneficiarios e a aplicación dos recursos ao cumprimento dos fins fundacionais

Artigo 8. Determinación dos beneficiarios.

1. A Fundación constitúese en beneficio das confesións relixiosas non católicas con acordo de cooperación co Estado español ou que obtivesen a correspondente declaración de notorio arraigo, de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2. A Fundación desenvolverá as súas actividades con obxectividade e independencia, e conforme os principios de imparcialidade, non discriminación e proporcionalidade.

Artigo 9. Réxime de axudas.

1. A Fundación poderá conceder subvencións logo de autorización do ministerio de adscrición, ou do Consello de Ministros se a subvención é de contía superior a doce millóns de euros, nos termos previstos na disposición adicional décimo sexta da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. A concesión de axudas, sen contraprestación directa dos beneficiarios, para a execución de actuacións ou proxectos específicos axustarase aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia e eficiencia, de conformidade coa Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, e a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. As solicitudes de financiamento de proxectos deberán ser presentadas polas federacións representativas das confesións relixiosas non católicas con acordo co Estado español ou declaradas de notorio arraigo ou, directamente, polas súas entidades, sempre que estean inscritas no Rexistro de Entidades Relixiosas e cumpran cos requisitos que se establezan nas bases reguladoras e nas convocatorias.

4. Sen prexuízo da atención prioritaria aos programas e proxectos presentados polas entidades citadas no número anterior, poderán ser beneficiarias de axudas aquelas entidades sen ánimo de lucro cuxas actividades estean dirixidas á promoción das condicións necesarias para o exercicio efectivo da liberdade relixiosa e cumpran as condicións previstas nas correspondentes bases reguladoras e convocatorias.

CAPÍTULO IV

Goberno da Fundación

Sección 1.^a O Padroado

Artigo 10. O Padroado.

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación, que levará a cabo a execución das funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto nos presentes estatutos e no ordenamento xurídico.

Artigo 11. *Composición do Padroado.*

1. O Padroado estará integrado polos seguintes membros:

a) Presidencia: a persoa titular do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática.

b) Vicepresidencia: a persoa titular da Subsecretaría da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática.

c) Son patroas e patróns natos as persoas titulares dos seguintes órganos:

Dirección Xeral para o Magreb, Mediterráneo e Oriente Próximo, do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

Dirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional e Dereitos Humanos, do Ministerio de Xustiza.

Dirección do Gabinete Técnico da ministra de Defensa.

Dirección Xeral de Orzamentos, do Ministerio de Facenda.

Dirección Xeral de Política Interior, do Ministerio do Interior.

Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Subdirección Xeral de Liberdade Religiosa, do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática.

Secretaría Xeral Técnica-Secretariado do Goberno, do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática.

Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Política Territorial e Función Pública.

Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Cultura e Deporte.

Dirección Xeral de Diversidade Familiar e Servizos Sociais, do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030.

Dirección Xeral para a Igualdade de Trato e Diversidade Étnico Racial, do Ministerio de Igualdade.

Dirección Xeral de Migracións, do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

Dirección Xeral de Casa Árabe.

Dirección Xeral do Centro Sefarad-Israel.

Secretaría Xeral da Federación Española de Municipios e Provincias.

d) Patroas e patróns electivos: once vogalías nomeadas polo Padroado, por proposta da persoa titular da Presidencia, en atención ao seu prestixio, experiencia ou contribución aos fins da Fundación, oídas as confesións a que se refire o artigo 8 destes estatutos.

2. A substitución, cesamento e suspensión das patroas e patróns terá lugar conforme o previsto no artigo 18 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións.

3. A duración do mandato das patroas e patróns de carácter electivo será de catro anos, e poderá renovarse por períodos iguais.

4. En caso de que se modifique a denominación do cargo das patroas e patróns natos, actuarán como patroas e patróns os que os substitúan no mesmo ámbito de competencias. Poderán actuar en nome das patroas e patróns natos as persoas ás cales corresponda ou se designen para a súa substitución dentro do mesmo centro directivo e cuxa categoría administrativa sexa a inmediata inferior á que posúe a autoridade substituída.

5. As patroas e patróns desempeñarán o cargo gratuitamente, sen devindicar polo seu exercicio retribución ningunha. Non obstante, terán dereito ao reembolso dos gastos de desprazamento e estadía que tivesen que efectuar para asistir ás reunións do Padroado.

Artigo 12. Funcións do Padroado.

As competencias do Padroado da Fundación esténdense a todo o concernente ao seu goberno e administración. En particular, correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Exercer a alta dirección, supervisión e orientación do labor da Fundación.
- b) Presentar á aprobación do ministerio de adscrición o plan de actuación da Fundación e as súas revisións trienais, así como os plans anuais que o desenvolvan, todo isto conforme o previsto no artigo 85 e concordantes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.
- c) Fixar as liñas xerais ou específicas de funcionamento da Fundación.
- d) Propor ao ministerio de adscrición a modificación dos estatutos fundacionais.
- e) Aprobar o proxecto de orzamento de explotación e capital.
- f) Aprobar a memoria anual de actividades, así como as contas anuais
- g) Nomear as patroas e patróns electivos.
- h) Nomear as patroas e patróns que formarán parte da Xunta Reitora.
- i) Nomear a persoa titular da Dirección da Fundación.
- j) Adoptar acordos sobre a fusión ou extinción da Fundación, de conformidade co disposto nos artigos 94 e 96 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.
- k) Acordar a adquisición de bens mobles ou inmobles ou de dereitos para a Fundación, con carácter xeral ou para o cumprimento dun fin determinado dos comprendidos no obxecto fundacional, seleccionando, se for o caso, os beneficiarios da utilización dos ditos bens ou dereitos, así como acordar o seu alleamento e gravame, e facultar a Presidencia ou a persoa titular da Dirección da Fundación para que poida subscribir os correspondentes contratos.
- l) Exercer todos os dereitos e accións, incluídas as xudiciais, que sexan necesarias para a defensa dos intereses da Fundación.
- m) Nomear apoderados xerais e especiais.
- n) Delegar facultades da súa competencia na Xunta Reitora ou na persoa titular da Dirección da Fundación, salvo as competencias establecidas nas letras d), e), f), g), h), i), j) e k) ou calquera outra que o Padroado reserve para si.
- ñ) Calquera outra que lle atribúan as disposicións legais e regulamentarias vixentes.

Artigo 13. Presidencia.

Corresponden á Presidencia do Padroado, ademais das funcións previstas no artigo 19.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, a convocatoria de subvencións e o seu outorgamento, por proposta da Xunta Reitora, nos termos previstos no artigo 9.

A aprobación das bases reguladoras, as funcións derivadas da exixencia do reintegro e da imposición de sancións, así como as funcións de control e demais que comporten o exercicio de potestades administrativas, corresponderán ao ministerio de adscrición de acordo co previsto na disposición adicional décimo sexta da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Artigo 14. Secretaría.

1. Exercerá a Secretaría do Padroado, con voz pero sen voto, a persoa titular da Dirección da Fundación.

2. A Secretaría terá, entre outras funcións legal ou regulamentariamente atribuídas, as seguintes:

- a) A custodia da documentación pertencente á Fundación.
- b) A redacción das actas das reunións do Padroado e da Xunta Reitora, a tramitación da súa aprobación e a súa incorporación ao libro de actas.
- c) A expedición das certificacións, co visto e prace da Presidencia, do contido das actas e acordos do Padroado e da Xunta Reitora.

3. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade exercerá as funcións da Secretaría a patroa ou patrón de menor idade que asista á reunión do Padroado ou da Xunta Reitora.

Artigo 15. *Funcionamento do Padroado.*

1. O Padroado reunirse en sesión ordinaria ao menos dúas veces ao ano, logo de convocatoria da persoa que desempeña a Presidencia. Así mesmo, reunirse en sesión extraordinaria, igualmente mediante convocatoria da persoa que desempeña a Presidencia, tantas veces se considere conveniente para o cumprimento dos fins da Fundación. En todos os casos, a convocatoria deberá expresar os asuntos incluídos na orde do día.

2. As deliberacións serán dirixidas pola persoa que desempeña a Presidencia do Padroado, ou pola persoa que desempeña a Vicepresidencia, en caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal.

3. O funcionamento do Padroado acomodarse, en todo o non previsto especificamente nestes estatutos, ás disposicións reguladoras dos órganos colexiados contidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Sección 2.^a A Xunta Reitora

Artigo 16. *Natureza e composición da Xunta Reitora.*

1. A Xunta Reitora é o órgano superior colexiado de execución dos acordos do Padroado.

2. A Xunta Reitora da Fundación estará composta:

a) Pola persoa titular da Dirección da Fundación, que asumirá a súa presidencia.

b) Por tres patroas ou patróns natos, un dos cales será a persoa titular da Subdirección Xeral de Liberdade Religiosa do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, e tres patroas ou patróns electivos, nomeados todos eles polo Padroado por un período de catro anos, renovables. A perda da condición de patroa ou patrón implicará a súa substitución, durante o tempo que lle restase, por quen o substitúa no Padroado, tratándose de patroas ou patróns natos; se for electivo a patroa ou o patrón cesante, será substituído por quen determine o Padroado.

c) Pola persoa titular da Secretaría da Xunta Reitora, con voz pero sen voto, que será designada pola persoa titular da Dirección da Fundación entre os membros do seu equipo técnico.

Artigo 17. *Funcións da Xunta Reitora.*

1. Corresponden á Xunta Reitora as seguintes funcións:

a) Cumprir e facer cumprir as disposicións estatutarias e os acordos validamente adoptados polo Padroado.

b) Someter ao Padroado a memoria anual de actividades, para o seu exame e aprobación.

c) Someter ao Padroado as contas anuais da Fundación, así como os proxectos de orzamentos de explotación e capital.

d) Propor á Presidencia do Padroado a aprobación da convocatoria anual de subvencións e axudas da Fundación, así como o seu outorgamento.

e) Autorizar a celebración de convenios con outras entidades relacionadas cos obxectivos, fins e actividades da Fundación, cuxa sinatura corresponderá á persoa titular da Dirección da Fundación.

f) Nomear apoderados xerais e especiais.

g) Calquera outra función de competencia do Padroado que lle sexa delegada.

2. A Xunta Reitora poderá delegar as súas competencias na persoa titular da Dirección da Fundación, salvo as establecidas nas letras b), c), d) e e).

Artigo 18. *Funcionamento da Xunta Reitora.*

1. As reunións da Xunta Reitora serán convocadas pola persoa titular da Dirección da Fundación, por iniciativa propia ou por petición dunha terceira parte dos seus membros.
2. A Xunta Reitora reunirse ao menos dúas veces ao ano.
3. A Xunta Reitora quedará validamente constituída cando asistan, presentes ou representados, a persoa que desempeña a Presidencia e a persoa titular da Secretaría ou, se for o caso, os que os suplan, e a metade, ao menos, dos seus membros.
4. A Xunta Reitora poderá invitar a participar nas súas reunións, en relación con puntos concretos da orde do día, aquelas persoas que poidan axudala a conformar a súa toma de decisión. Estas persoas asistirán con voz, pero sen voto.
5. O funcionamento da Xunta Reitora acomodarse, en todo o non previsto especificamente, ás disposicións reguladoras dos órganos colexiados contidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Sección 3.ª A Dirección e o comité asesor

Artigo 19. *Natureza e funcións da Dirección da Fundación.*

1. A Dirección da Fundación é o órgano unipersoal encargado de dirixir e levar a cabo a xestión ordinaria da Fundación.
2. A Dirección da Fundación será nomeada e separada polo Padroado, por proposta da Presidencia, de entre persoas cualificadas para o exercicio do cargo e distintas das patroas e patróns. O nomeamento producirase mediante acordo adoptado pola maioría absoluta dos membros que integran o Padroado, o cal lle poderá outorgar as facultades e poderes que considere convenientes para o mellor e fiel cumprimento das súas funcións.
3. A Dirección da Fundación terá, en particular, as seguintes funcións:
 - a) A representación ordinaria da Fundación en ausencia da persoa que teña a Presidencia, ou persoa que a substitúa.
 - b) O impulso e desenvolvemento dos obxectivos e fins propios da Fundación.
 - c) A xestión e execución dos acordos e directrices adoptados tanto polo Padroado como pola Xunta Reitora.
 - d) A dirección, xestión e supervisión do desenvolvemento das actividades e programas de actuación propios do obxecto fundacional, adoptados polo Padroado.
 - e) A elaboración e proposta ao Padroado do plan de actuación da Fundación e das súas revisións trienais, así como dos plans anuais que o desenvolvan, logo de anuencia da Xunta Reitora.
 - f) A elaboración e proposta ao Padroado dos proxectos de orzamentos de explotación e capital, a memoria anual de actividades e os plans de actuación para o ano seguinte, así como o balance, conta de resultados e memoria, elaborados polos servizos económicos e administrativos que actúan baixo a súa dependencia, logo de anuencia da Xunta Reitora.
 - g) A sinatura de convenios con outras entidades relacionadas cos obxectivos, fins e actividades da Fundación.
 - h) A convocatoria da Xunta Reitora, de conformidade co disposto no artigo 17.
 - i) A facultade de deseñar e adoptar a organización administrativa interna da Fundación.
 - j) A contratación, dirección e organización do persoal e dos servizos e dependencias da Fundación.
 - k) Preparar tanta documentación, proxectos e propostas deban ser sometidos á aprobación da Xunta Reitora e do Padroado.
 - l) A ordinaria xestión e administración da Fundación.
 - m) A contratación de bens e servizos en nome da Fundación. Cando a contía exceda 100.000 euros, resultará preceptiva a aprobación do Padroado.
 - n) Calquera outra función e actividade que lle deleguen a persoa titular da Presidencia, o Padroado ou a Xunta Reitora.

Artigo 20. *Comité asesor da Fundación.*

1. O Padroado poderá acordar a creación dun comité asesor de apoio ao labor do Padroado e da Dirección da Fundación.

2. Este comité estará composto pola persoa titular da Subdirección Xeral de Liberdade Relixiosa, unha persoa en representación da Federación Española de Municipios e Provincias, representantes das comunidades autónomas e de entidades que traballen no ámbito de acción da Fundación, ou personalidades que destaquen pola súa dedicación ou experiencia no mesmo campo. O seu número e designación corresponde ao Padroado por proposta da persoa que desempeñe a presidencia.

3. O comité desempeñará funcións de consulta e asesoramento en relación coas competencias do Padroado, en particular, as referidas á orientación do labor da Fundación, o establecemento das prioridades para o mellor cumprimento dos seus fins e a fixación das liñas xerais e especiais de actuación da Fundación. En todo caso, a persoa titular da Dirección da Fundación poderá solicitar ao dito comité que informe sobre algún tema en particular.

4. O comité será convocado pola persoa titular da Dirección da Fundación, e os seus membros poderán ser invitados a participar nas reunións do Padroado con voz pero sen voto.

CAPÍTULO V

Réxime económico

Artigo 21. *Dotación da Fundación.*

A dotación da Fundación estará composta por:

- a) A achega inicial fundacional.
- b) Os bens e dereitos de contido patrimonial que se acheguen á Fundación en concepto de dotación, ou que sexan afectados polo Padroado, con carácter permanente, aos fins fundacionais.

Artigo 22. *Patrimonio da Fundación.*

1. O patrimonio da Fundación estará formado por todos os bens, dereitos e obrigacións susceptibles de valoración económica.

2. A Fundación deberá figurar como titular de todos os bens e dereitos que integren o seu patrimonio, os cales se farán constar no seu inventario e no Rexistro de Fundacións, e se inscribirán, ademais, nos rexistros públicos correspondentes conforme a natureza daqueles.

Artigo 23. *Recursos económicos.*

1. A Fundación poderá dispor, para o cumprimento dos seus fins, dos seguintes recursos económicos:

- a) Os rendementos do patrimonio fundacional.
- b) Os recursos procedentes de entidades públicas, tanto nacionais como estranxeiras.
- c) As doazóns, legados e herdanzas. Poderanse aceptar doazóns destinadas a sufragar o financiamento de proxectos concretos. A aceptación de herdanzas pola Fundación entenderase feita sempre a beneficio de inventario.
- d) Os ingresos provenientes de actividades económicas, de conformidade co disposto na Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións.
- e) Achegas do sector privado de forma non maioritaria.

2. A Fundación aplicará as súas rendas e ingresos de conformidade co establecido no artigo 27 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións.

Artigo 24. *Réxime económico-financeiro.*

1. O exercicio económico coincidirá co ano natural.
2. A Fundación levará aqueles libros obrigatorios que determine a normativa vixente e aqueles outros que sexan convenientes para a boa orde e desenvolvemento das súas actividades.

Artigo 25. *Réxime orzamentario, contabilidade, control económico financeiro e plan de actuación.*

1. A Fundación, en relación coas materias recollidas no presente artigo, estará suxeita aos preceptos establecidos na Lei 47/2003, xeral orzamentaria, na Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, e no Real decreto 1337/2005, do 11 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de competencia estatal.

2. A Fundación aplicará os principios e normas de contabilidade recollidos na adaptación do Plan xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos.

3. As contas anuais comprenderán o balance, a conta de resultados e a memoria, que deberán ser redactadas con claridade e mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Fundación.

4. As contas anuais serán formuladas pola persoa titular da Dirección da Fundación no prazo máximo de tres meses desde o peche do exercicio e serán aprobadas polo Padroado da Fundación no prazo máximo de seis meses desde o peche do exercicio, e presentaranse ao protectorado, para o seu exame e comprobación, dentro dos dez días hábiles seguintes á súa aprobación.

5. O Padroado elaborará, no prazo legal que sexa pertinente para as fundacións do sector público, un plan de actuación en que queden reflectidos os obxectivos e as actividades que se prevexan desenvolver durante o exercicio seguinte. Este plan deberá ter adxunto un orzamento de explotación e de capital e cumprir cos requisitos exixidos polas normas orzamentarias aplicables ao sector público fundacional. Unha vez aprobado polo ministerio de adscrición, o plan de actuación remitirase ao protectorado nos últimos tres meses do ano.

6. A Fundación estará sometida ao control da Intervención Xeral da Administración do Estado, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Tribunal de Contas.

Artigo 26. *Réxime de persoal e de contratación.*

1. O persoal das fundacións do sector público estatal, incluído o que teña condición de directivo, rexerese polo dereito laboral, así como polas normas que lle sexan de aplicación en función da súa adscrición ao sector público estatal, incluíndo entre estas a normativa orzamentaria, así como o que se estableza nas leis de orzamentos xerais do Estado.

2. A contratación da Fundación axustarase ao disposto na lexislación sobre contratación do sector público.

CAPÍTULO VI

Modificación, fusión e extinción

Artigo 27. *Modificación de estatutos.*

1. O Padroado poderá propor a modificación dos presentes estatutos sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación, de acordo co previsto na lexislación vixente

2. A proposta de modificación estatutaria deberá ser aprobada co voto favorable da maioría dos membros do Padroado.

Artigo 28. *Fusión, disolución, liquidación e extinción da Fundación.*

1. Para a fusión, disolución, liquidación e extinción da Fundación aplicarase o réxime previsto nos artigos 94, 96 e 97 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

2. En caso de que o procedemento de fusión se inicie por proposta do Padroado, requirirase o voto favorable de, ao menos, dúas terceiras partes dos seus membros. O acordo será inmediatamente comunicado ao protectorado.